

ELECCIÓN DOS REPRESENTANTES DE ALUMNOS, ALUMNAS AO CONSELLO ESCOLAR

CONVOCATORIA

De acordo coa RESOLUCIÓN do 19 de setembro de 2022, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se establece o calendario para a realización de eleccións de membros dos consellos escolares de centros docentes sostidos con fondos públicos (DOG do 30/09), a XUNTA ELECTORAL deste Centro, en virtude das atribucións que lle son conferidas pola lexislación vixente, dispón a convocatoria de eleccións ao Consello Escolar, **SECTOR DE ALUMNOS E ALUMNAS**, segundo as seguintes normas:

1. De acordo co disposto no artigo 40 do Decreto 324/1996, do 26 de xullo (DOG do 09/08/1996), redactado conforme ao establecido na disposición adicional terceira.1 do Decreto 7/1999, do 7 de xaneiro (DOG do 26), corresponde elixir no presente proceso electoral a **dous alumnos/alumnas**, dun total de catro que debe ter o Consello Escolar.

2.- Son electores todos os alumnos e alumnas matriculados no Centro e incluídos no **Censo electoral** correspondente que a partir do día da data está exposto no taboleiro de anuncios. As reclamacións ao referido Censo realizaranse mediante escrito razoado dirixido á Xunta Electoral, ata as **14:00 horas do día 17 de novembro**.

3.- Son elixibles os alumnos e alumnas, que formulen a súa candidatura oficial segundo o modelo que se facilitará na Secretaría do Centro. As candidaturas poderán ser presentadas ata as **14:00 horas do día 14 de novembro**.

4.- O sorteo dos membros da **mesa electoral** realizarase en acto público, entre o alumnado que non se presente como candidatos/as, o día **18 de novembro, ás 11:15 horas**. Dita mesa electoral estará composta polo/a Director/a do Centro, que actuará como Presidente/a, e dous alumnos/alumnas, actuando de secretario/a o de menor idade.

5.- A **campaña electoral** comprenderá dende o **18 ao 23 de novembro**, ambos días inclusive. As dependencias e servizos do Centro estarán a disposición dos candidatos/as, previa petición ao presidente/a da Xunta Electoral, sempre que o seu uso non altere o normal funcionamento educativo do IES.

6.- Poderán actuar como supervisores da votación os alumnos/as matriculados no Centro, que estean avalados cando menos pola firma de dez electores/as.

7.- As votacións realizaranse neste IES o **día 24 de novembro, de 09:00 a 12:00 horas**. A mesa electoral será constituída o mesmo día, en acto público, ás 08:45 horas.

8.- Na papeleta de votación cada elector/a fará constar un máximo **de un nome** dos candidatos presentados. O voto será directo, secreto e non delegado e non se admitirá o voto por correo.

9.- Finalizada a votación procederase ao escrutinio dos votos, que será público, e unha vez realizado, levantarase acta para ao seu envío a Xunta Electoral do Centro.

10.- A Xunta Electoral do Centro resolverá as dúbidas e reclamacións que se poidan formular.

Lugo, 07 de novembro de 2022
O PRESIDENTE DA XUNTA ELECTORAL,

Asdo.: Francisco Javier Núñez Aguado